



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2017**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as trece horas e cuarenta minutos do día vinteseis de xaneiro de dous mil dezasete, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Non asiste D. José Ramón González Ledo.

Actúa como Secretaria Dna. M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

**1º.- ACTA ANTERIOR.-** Dase conta da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 29 de decembro de 2016 a cal é aprobada por unanimidade na forma na que está redactada.

**2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.-** Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

**Expdt. 001/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **DIEJUD S.L.** (B36135523), con domicilio a efectos de notificación no Polígono Industrial de Cabanelas- Parcela nº 14, deste Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para levar a cabo a "**Segregación de parcela e división de nave**", sita no lugar de domicilio de notificacións , Ref. Catastr. 8479306NH1087N0001GJ

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

***1º.- Documentación aportada***



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Proxecto de segregación de parcela redactado polo arquitecto D. Manuel Valle Oubiña, sin visado colexial .*

*Instancia solicitando a tramitación do expediente nº 059/16 de segregación de parcela e división de nave industrial e advertindo de que a nova documentación presentada, R.E. nº 3299 do 25 de Novembro de 2.016, substitúe á entregada no seu día.*

### **2º.- Obxeto da segregación**

*O proxecto consiste en dividir unha parcela situada no Polígono Industrial de Cabanelas que ten unha superficie real de 1.767.00 m<sup>2</sup> (1.627.00 m<sup>2</sup> en Catastro) en dúas parcelas de igual superficie, 833.50 m<sup>2</sup> cada unha, mediante a tramitación dun proxecto de segregación.*

*Sobre a parcela existe unha nave de 1.177.00 m<sup>2</sup> construídos que foi dividida en dúas naves de igual superficie. Estas obras realizáronse de acordo coa licenza municipal e finalizaron o 10 de Outubro de 2.016, segundo a CFO do arquitecto autor do proxecto.*

### **3º.- Normativa urbanística**

*Según o disposto no recente PXOM de Ribadumia, a finca está incluída no **SOLO URBANO** a desenvolver según as condicións da **ORDENANZA 5**, Suelo de uso Industrial del Polígono de Cabanelas.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.a) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó **solo urbano que reúna as condicións establecidas no artículo 17.a) da presente Lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado**"*

### **4º.- Descripción da finca inicial**

*Segundo a escritura pública de declaración de Obra Nova outorgada o 14 de Maio de 2.010 ante o Notario de Cambados, Sr. Botana Torrón, a leira ten a seguinte descrición:*

*Propietario/s: DIEJUD S.L. B-36135523*

- *Descrición – RUSTICA, denominada CASTRO CABANELAS, hoxe polígono agroindustrial, na parroquia e concello de Ribadumia, lugar de Cabanelas, destinada a monte, de dezasete áreas e vintecatros centiáreas. (1.724.00m<sup>2</sup>)*
- *Lindes*
  - Norte A entidade POMARCO S.L.*
  - Sur Finca segregada e adquirida por Doña Dolores Rodríguez Touris*
  - Este Vial sobre a finca matriz*
  - Oeste Finca de José M<sup>a</sup> Montero Blanco, antes camiño de tres metros de ancho de Este-Oeste e viceversa, con saída polo vento Sur ól vial.*
- *Datos registralis Inscripción 1<sup>a</sup>, ó Tomo 941, Libro 71, Folio 183, Finca 9732*
- *Ref. Castastral: 8479306NH1087N0001GJ (superficie parcela 1.627.00 m<sup>2</sup>)*
- *Construcións existentes:*
- *Nave Industrial, dedicada á fabricación de carpintería metálica, que ocupa unha superficie de 1.177.00 m<sup>2</sup> e ten unha superficie construída de 1.252.00*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*m2. Consta de planta baixa cunha superficie construída de 1.177.00 m2 e unha entreplanta cunha superficie construída de 75.00 m2.*

- *Clasificación e calificación urbanística:*

*SUELO URBANO, ORDENANZA 5. Polígono Industrial de Cabanelas*

*Segundo a última medición real da leira, a súa extensión superficial é de 1.767.00 m2, e a entreplanta alcanza unha superficie construída total de 105.50 m2.*

### **5º.- Descripción da finca segregada**

*Da finca inicial descrita anteriormente proxéctase a segregación dunha parcela coas seguintes características:*

- *Denominación Parcela nº 2*
- *Superficie: 883.50 m2 de superficie neta.*
- *Lindes:*
  - *Norte: Finca de POMARCO S.L.*
  - *Sur: Parcela nº 1*
  - *Este: Vial*
  - *Oeste: José María Montero Blanco*
- *Nave Industrial, sen uso específico, que ocupa unha superficie de 588.50 m2 e ten unha superficie construída de 626.00 m2. Consta de planta baixa cunha superficie construída de 588.50 m2 e unha entreplanta cunha superficie construída de 37.50 m2.*
- *Clasificación e calificación urbanística:*

*SUELO URBANO, ORDENANZA 5. Polígono Industrial de Cabanelas*

### **6º.- Descripción do resto da finca matriz**

- *Denominación Parcela nº 1*
- *Superficie: 883.50 m2 de superficie neta.*
- *Lindes:*
  - *Norte: Parcela nº 2 – Resto de finca matriz*
  - *Sur: Finca segregada e adquirida por Doña Dolores Rodríguez Touris, hoxe Talleres Xesteira S.L.*
  - *Este: Vial*
  - *Oeste: José María Montero Blanco*
- *Nave Industrial, dedicada á fabricación de carpintería metálica, que ocupa unha superficie de 588.50 m2 e ten unha superficie construída de 656.50 m2. Consta de planta baixa cunha superficie construída de 588.50 m2 e unha entreplanta cunha superficie construída de 68.00 m2.*
- *Clasificación e calificación urbanística:*

*SUELO URBANO, ORDENANZA 5. Polígono Industrial de Cabanelas*

### **7º.- Xustificación cumprimento do PXOM**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

<b>NORMAS URBANÍSTICAS</b>		<b>PROXECTO</b>		<b>CUMPLIMENTO DA NORMATIVA</b>
<b>SOLO URBANO ORDENANZA Nº 5 POLIGONO INDUSTRIAL DE CABANELAS</b>		<b>RESTO FINCA MATRIZ</b>	<b>FINCA SEGREGADA</b>	
<i>Parcela mínima</i>	<i>500 m<sup>2</sup></i>	<i>883.50 m<sup>2</sup></i>	<i>883.50 m<sup>2</sup></i>	<b>CUMPRE</b>
<i>Frente mínimo de parcela</i>	<i>12 m</i>	<i>12.50 m</i>	<i>12.50 m</i>	<b>CUMPRE</b>
<i>Coefficiente edificabilidade</i>	<i>1m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> 5 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup></i>	<i>0.709 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> 4.99 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup></i>	<i>0.709 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> 4.99 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup></i>	<b>CUMPRE</b>
<i>Ocupación máxima</i>	<i>90 %</i>	<i>66.60 %</i>	<i>66.60 %</i>	<b>CUMPRE</b>
<i>Retranqueo da Alineación oficial</i>	<i>5 m.</i>	<i>5 m.</i>	<i>5m.</i>	<b>CUMPRE</b>
<i>Retranqueo a lindeiros</i>	<i>3 m ou adosada</i>	<i>Adosada</i>	<i>Adosada</i>	<b>CUMPRE</b>

### **8º.- Conclusións**

*Polo exposto anteriormente **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o Proxecto presentado por cumprir co PXOM e demais normativa de aplicación”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística a **DIEJUD S.L.** (B36135523), con domicilio a efectos de notificación no Polígono Industrial de Cabanelas- Parcela nº 14, deste Concello de Ribadumia, para levar a cabo a “**Segregación de parcela e división de nave**”, sita no lugar de domicilio de notificacións , Ref. Catastr. 8479306NH1087N0001GJ

**Expdt. 002/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE ANTONIO SERANTES POMBO**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Párroco Valiñas nº 9, deste Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para levar a cabo os traballos de “**Acondicionamento de finca**”, sita no lugar de Gatiñeira- Ribadumia, Ref. Catastr. 36046A006000890000YI

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

**" 1.Obras solicitadas**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Acondicionamento da leira nº 289 da C.P. de Ribadumia, para mellorar a súa capacidade produtiva. Ten unha superficie de 1.783.00 m<sup>2</sup>, segundo a descrición do Catastro e 1.781.00 m<sup>2</sup> segundo recente medición.*

*Achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascende á cifra de 2.845.00 euros.*

*Así mesmo adxunta solicitude de autorización feita ante Augas de Galicia, Informe Técnico dese organismo e resposta indicando que a obra non precisa Resolución de Autorización de Augas de Galicia por atoparse a máis de 100 m. do Dominio Público Hidráulico.*

## **2. Situación urbanística**

*A parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO RUSTICO DE INTERESE AGROPECUARIO (SP7)**.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "**Ó solo incluído nos ámbitos do Solo Rústico aplicaráselle integramente o disposto na lei para o Solo Rústico**". No caso que nos ocupa quedará sometido ao réxime do artigo 34.2.a) da Lei e aos usos e actividades previstas nos artigos 35 ao 39 da mesma. O artigo 35.1.a) admite o uso e actividade solicitadas (accións sobre o solo que impliquen movementos de terra).*

## **3. Características das obras**

*As obras que se proxectan sobre a leira propoñen levantar o nivel da leira 50/60 cms. no seu extremo Leste e 80/90 cms. no seu extremo Oeste, de tal forma que a rasante do terreo quede 20/30 cms. sobre o nivel do camiño de acceso e ao mesmo nivel que as leiras lindeiras polo Sur e o Oeste, mantendo unha pendente do 0,66% en dirección Este-Oeste, similar á que actualmente ten a leira.*

*Os traballos consisten na apertura de gabias lonxitudinais, tras a retirada da capa de terra vexetal, que se encherán con material seleccionado (roca, area e xabre), realizando posteriormente o recheo ata a cota de acabado con terra vexetal.*

*No linde Norte construírase un muro de cachotería de pedra natural para a contención do recheo.*

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada.*

*Que segundo a artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de Febreiro, do Solo de Galicia, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos seis meses dá súa concesión e se non rematan antes de tres anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a seis meses".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística a **D. JOSE ANTONIO SERANTES POMBO**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Párroco Valiñas nº 9, deste Concello



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

de Ribadumia, para levar a cabo os traballos de "**Acondicionamento de finca**", sita no lugar de Gatiñeira- Ribadumia, Ref. Catastr. 36046A006000890000YI

**Expkt. 003/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE LUIS SOMOZA PIÑEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. De Vilariño, nº 49, no Concello de Cambados polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Construción de 80 ml de muro de peche de duas fileiras de pedra e postes e redilla, no lindeiro esquerdo da finca**", sita no lugar Escusa, nº 8, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastr. 36046D505106910000PB e 36046dD505106910001AZ.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: "*Que a parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Que as parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordeación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como "SOLO RÚSTICO COMÚN (SR-C)", cuya ordenanza de aplicación ven recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 260 ó 263, e sección segunda do capítulo II do mesmo título, artigos 255 ó 258.*

*En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

*d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.*

*Debendo cumprir o mais desfavorable entre o sinalado no Plan Xeral de Ordeación Municipal e a Lei 2/2016, do solo de Galicia.*

*Segúndo establece o apartado 2 do artigo 31. Concepto e categorías, o rexímen aplicable o sólo rústico común, na nova lei 2/2016 do solo de Galicia, e a de SÓLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.*

*Na finca existe unha edificación residencial cunha antiguidades superior o ano 1.975, polo que se trataría dunha edificación tradicional segúndo o que establece a lei 2/2016. O lindeiro no que se pretende construír o peche linda con sólo de núcleo rural.*

MURO DE PECHÉ



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Se pretende a construción de 80 ml dun muro de peche, no lindeiro esquerdo da finca; con dúas fileiras de pedra ata 1 m e o resto ata 1,50 con postes e redilla.*

*Tendo en conta o establecido na Lei 2/2016 do solo de Galicia, que nos apartados a) e b) da Subsección 2ª. Condicións de uso, artigo 35. Usos e actividades en solo rústico, establece entre outras o seguinte:*

*1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes: [.../....]*

*b) Muros de contención, así como valado de predios.*

*E o que se establece na Subsección 4ª. Condicións de edificación, Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico. [.../....]*

*d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:*

*– As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.*

*– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.*

*Os muros de peche non conlevan abancalamiento nin alteración do estado natural dos terreos.*

*Muro a construír e de pedra e a altura non poderá superar o 1,50 m. establecido no artigo 214 do PXOM e no 42 da LOUGA.*

*Segundo establece na Subsección 4ª. Condicións de edificación e no Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico [.../....]*

*c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:*

*– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. [.../....]*

*– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen. [.../....]*

*Os materiais propostos harmonizan co entorno e a altura do cerramento **non superara o 1,50 m de altura.***



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Deberá gardar os retranqueos establecidos no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición.*

*Respecto do camiño principal, deberá iniciar a construción do muro de peche, a **5 metros do eixo do camiño.***

*O peche facilitará o libre circular das augas da choiva.*

*Consta no expediente o abono da taxa do ICIO, por importe do 2% do valor estimado das obras.*

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. Jose Luis Somoza Piñeiro**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. De Vilariño, nº 49, no Concello de Cambados, para levar a cabo as obras de **“Construción de 80 ml de muro de peche de dúas fileiras de pedra e postes e redilla, no lindeiro esquerdo da finca”**, sita no lugar Escusa, nº 8, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do técnico municipal.

**Expdt. 004/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. RODRIGO PADIN SERANTES**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa García Alvarez nº 18, parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Cambio de 50 m2 de material de cubricción e 10 ml de peche lateral de finca”**, sita na rúa Casal, nº 14, na parroquia de Barrantes, Ref. Catastr. 9348402NH1094N0001OH.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

*A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título*





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

*c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]*

*O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.*

*Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:*

*a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.*

*A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).*

*b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.*

*Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado,*



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

*polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.*

#### EDIFICACIÓN EXISTENTE

*Non aporta a licenza de construción da vivenda, non obstante xa aparece grafiada nos planos deo PXOM no ano 2.001 e por tanto a antigüidade e superior os 6 anos. Nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.*

#### OBRAS DE REPARACIÓN DE CUBRICIÓN

*Que as obras solicitadas son a reparación de 50 m<sup>2</sup> coa substitución do material de cubrición de cuberta da vivenda por tella cerámica.*

*Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."*

*A tella cerámica e un material tradicional da zona*

*Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".*

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.***

#### PECHE CON MURO DE BLOQUES DE HORMIGÓN REVESTIDO E PINTADO

*Se pretende completar un peche lateral existente nun tramo de 10 ml con muro de bloques de cemento de revestido e pintado.*

*Segundo establece o PXOM no Artigo 477.- Pechamentos. "1.- Os solares ou calquera outro terreo que indique o Concello mediante resolución motivada deberán cercarse con pechamento permanente de altura mínima de 1,80m e máxima de 3,00m, sitos na aliñación da edificación e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, podendo establecerse, por parte do Concello, condicións particulares en cada caso. Non se permite a utilización da fábrica de vidro sen tratamento. 2.- As parcelas con edificación entre medianerías e retranqueada poderán pecharse con valos de altura máxima de 2,50m. 3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m. 4.- Exceptúanse aqueles edificios aillados que, en razón do seu destino, requiran especiais medidas de seguridade, en tal caso o pechamento axustarase ás súas necesidades. 5.- Non se permitirá en ningún caso o remate de pechamento con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais. 6.- Non se permite a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con revocaduras ou tratamentos similares.”*

*En canto a altura do muro de peche, se estará o mais restrictivo que e a altura máxima que o que En canto a altura máxima do muro de peche, para unha parcela sen edificar, ésta non podrá sobrepasar os 2,50 m especificados como máximo nas Normas complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial no artigo 17. d)., por ser a mais restrictiva.*

*O muro de estética conforme o lugar e a altura do muro **non superará os 2,00 m.***

*E de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición:*

*Non he de aplicación por tratarse dun muro lateral que non linda co camiño*

*Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.”*

***Os bloques son de formigón que iran revestido e pintado e deberá ter cores acordes cos do entorno para armonizar coa paisaxe.***

*Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico”.*

*Os muros de peche se consideran obras menores*

#### OUTRAS

*Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. Rodrigo Padín Serantes**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa García Alvarez nº 18, parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Cambio de 50 m2 de material de cubrición e 10 ml de peche lateral de finca"**, sita na rúa Casal, nº 14, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do técnico municipal.

**Expdt. 005/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. MARIA DOLORES PAZ ARCOS**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Revolta, nº 4, parroquia de Besomaño, no Concello de Ribadumia polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Pavimentación de 75 m2 con hormigón o acceso a un galpón"**, na finca sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 36046C502001890000HZ e 36046C502001890001JX.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.

*A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

*c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]*

*O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.*

*Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:*

*a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.*

*A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).*

*b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.*

*Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.*

#### EDIFICACIÓN EXISTENTE

*Non aporta licenza de construción da edificación, non obstante no catastro consta que foi construída no ano 2.007. Nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.*

#### OBRAS

**Que as obras solicitadas son a pavimetnación dun paso de entrada de vehículos para acceso a unha edificación auxiliar a vivenda.**

*Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.”*

#### **O pavimento de formión e un material tradicional da zona**

*Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico”.*

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado.*

*Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

*A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas*

*1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*

*2. Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*

*3. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*4. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

*5. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **Dna. María Dolores Paz Arcos**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Revolta, nº 4, parroquia de Besomaño, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Pavimentación de 75 m2 con hormigón o acceso a un galpón”**, na finca sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do técnico municipal.

**Expdt. 006/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JUAN CARLOS VÁZQUEZ ARES**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de A Picoña, nº 3, parroquia de Lois, no Concello de Ribadumia polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Construcción de 50 ml de muro de peche con pedra no perímetro da finca”**, na parcela sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 3093707NH2039S0001QT.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.

A parcela atopase dentro da área de protección do ben catalogado como patrimonio arqueolóxico denominado **"XA-3.- Achado de Picoña" correspondendose con ben catalogado como GA36046XXX. Achados de Picoña"**. E por tanto deberán dispoñer de autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Patrimonio cultural.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en súas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segundo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.*

*Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.*

#### EDIFICACIÓN EXISTENTE

*Nas parcelas consta a existencia dunhas edificación construídas no ano 1.983 e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.*

#### PECHE CON MURO DE PERPIAÑOS DE PEDRA

*Se pretende a execución de 50 ml de muro de peche de perpiaños.*

*Que as obras que se pretenden levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no artigo 284.- "licenza de obra menor". !.- Constitúen licenzas de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico”.*

*Segundo establece o PXOM no Artigo 477.- Pechamentos. "1.- Os solares ou calquera outro terreo que indique o Concello mediante resolución motivada deberán cercarse con pechamento permanente de altura mínima de 1,80m e máxima de 3,00m, sitos na aliñación da edificación e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, podendo establecerse, por parte do Concello, condicións particulares en cada caso. Non se permite a utilización da fábrica de vidro sen tratamento. **2.- As parcelas con edificación entre medianerías e retranqueada poderán pecharse con valos de altura máxima de 2,50m.** 3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

máxima de 2m. 4.- Exceptúanse aqueles edificios aillados que, en razón do seu destino, requiran especiais medidas de seguridade, en tal caso o pechamento axustarase ás súas necesidades. 5.- Non se permitirá en ningún caso o remate de pechamento con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais. 6.- Non se permite a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con revocaduras ou tratamentos similares.”

En canto a altura do muro de peche, se estará o mais restrictivo que e a altura máxima que o que En canto a altura máxima do muro de peche, para unha parcela sen edificar, ésta non podrá sobrepasar os 2,50 m especificados como máximo nas Normas complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial no artigo 17. d)., por ser a mais restrictiva.

O muro de estética conforme o lugar e a altura do muro **non superará os 2,00 m.**

E de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición:

**O peche deberá retranquearse a distancia mais desfavorable das que establecidas polo:**

- **O PXOM 5,00 m do eixo do camiño principal e 4,00 m do camiño sen saída.**

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.”

O material e de pedra que e acorde cos do entorno e harmoniza coa paisaxe.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico”.

Os muros de peche se consideran obras menores

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

#### OUTRAS AUTORIZACIÓNS

Por atoparse dentro da zona de afección do Achado da Picoña (GA36046A01), a tramitación da licenza require ser informada previamente polo organo competente da



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Comunidade Autónoma (Servizo de Patrimonio de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), Segundo establece o apartado 2 do artigo 249 do PXOM, "2.- Establécese unha franxa de protección cautelar, que non supón cambio de clasificación do solo establecido no P.X.O.M. e que se delimita nos planos de Clasificación do solo, escala 1:5.000, de profundidade de 200m respecto ós restos arqueolóxicos afectados pola protección integral, incluíndo a Zona de Protección definida nesta normativa, na que a tramitación de calquera licenza deberá ser informada previamente polo órgano competente da Comunidade Autónoma, sendo o seu informe vinculante, podéndose establecer, a xuízo deste organismo, condicións de edificación máis restrictivas en función de criterios de protección do patrimonio arqueolóxico. Esta franxa de protección cautelar e as condicións enunciadas non será de aplicación cando se realizasen Plans Especiais nas distintas áreas afectadas e incorporaran medidas para a protección do patrimonio arqueolóxico".*

*Remitida a solicitude, o proxecto arqueolóxico e o resto da documentación requirida por patrimonio, se emite informe de fecha 11/01/17 (**expediente 980/15, código asignado ED 102A 2016/112-0**) no que resolven que dan por rematada a intervención de control arqueolóxico das obras, sen que se atopen restos por cabada a*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

*A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas*

*1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*

*2. Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*

*3. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*4. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

*5. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. Juan Carlos Vázquez Ares**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de A Picoña, nº 3, parroquia de Lois, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Construcción de 50 ml de muro de peche con pedra no perímetro da finca"**, na parcela sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do técnico municipal.

**Expkt. 007/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE FEIJOO GONZÁLEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Mosqueiro, nº 39, parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Peche parcial de finca"**, sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 8240210NH1084S0001QB.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

*"1. Obras solicitadas e documentación adxunta*

*Peche parcial de leira con muro de sillería nunha lonxitude de 65 metros lineais e 1.80 de altura, no frente da finca a os viais, segundo indicase no plano catastral.*

*Así mesmo achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras, por importe de 78.00 euros.*

*2. Situación urbanística*

*A parcela onde preténdense levar a cabo as obras, están clasificadas como SÓLO DE NÚCLEO RURAL polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente ou 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativas:*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.c) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no plan respectivo...”, no noso caso o P.X.O.M. vixente.*

*O P.X.O.M. vixente non especifica as condicións do cerramento de leiras no S.N.R. polo que haberá que estar ao que establece o PXOM no Artigo 477.- Pechamentos. 1.3.- Nas parcelas con edificación aillada, ou peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados non seu caso con proteccións diáfanas acordos esteticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50 m, ou con **pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2,00 m.**, condicións que reúne o solicitado.*

*O peche da finca situarase retranqueado 5 e 4 metros do eixo das vías públicas ás que dá fronte, de acordo co trazado que consta no proxecto de vivenda unifamiliar que obtivo a licenza e que se adxunta a este informe.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dá súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. José Feijoo González**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Mosqueiro, nº 39, parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Peche parcial de finca”**, sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 008/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. RAÚL RIVAS FERNANDEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Rabuñade, nº 5, parroquia de Ribadumia, no Concello de Ribadumia polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Traslado de cruceiro”**, no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 9361403NH1096S0001US.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela na que se pretende levar a cabo a construción está cualificada como **SÓLO URBANO***



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**ORDENANZA 1 - RESIDENCIAL EXTENSIVA**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001, e a modificación puntual número 2 do PXOM de fecha febreiro de 2.013.

*Que a ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo III do Título VII de dito PXOM, artigos 143 ó 148, e aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

*a) O Solo urban que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei, se lle aplicará o disposto na mesma para o solo urbano consolidado. [.../....]*

*artigo 17.a) Solo urbano consolidado, integrado polos terreos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir dicha condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse de forma simultánea coas da edificación.*

*No PXOM e no catalogo de bens protexidos, non consta área de protección para un cruceiro existente na fronte da finca, non obstante segundo se desprende da Ley 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio cultural de la Comunidad Autónoma de Galicia, se deberá garantir a protección do mesmo.*

*Dentro do elementos obxecto de protección do PXOM, os cruceiros non se atopan inventariados nin se fixo unha catalogación posterior pola administración, e non se establece un área de protección concreta, polo que deberá pronunciarse o respecto o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza, e si fora o caso autorizar a intervención.*

*Na parcela non existen edificacións tal e como se desprende da gráfica descritiva do catastro e no concello non costan denuncias, nin expedientes de reposición da legalidade contra a mesma.*

**OBRA SOLICITADA:** a seguinte:

- Traslado do cruceiro.

**DOCUMENTACIÓN APORTADA:**

- Proxecto técnico de data Febreiro de 2016, asinado polo arquitecto técnico D. Vicente Fraga Fernández, colexiado PR974 do COATIE de Pontevedra.
- Proxecto de Conservación para o traslado do cruceiro de Rúa Rabuñade (Barrantes), asinado pola conservadora-restauradora de bens culturais Dña. Lucia Espiño López.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- *Acreditación dos títulos de propiedade do cruceiro.*

*Que as obras que se pretenden levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no artigo 285.- "licenza de obra maior". 1.- Constitúen licencias de obra maior aquelas que pola transcendencia das actuacións esixen unha tramitación e unha documentación rigorosas. Esixirase a tramitación por este procedemento de tódalas actuacións para as que se precise a presentación de proxecto técnico."*

***Parte das obras solicitada son obras maiores.***

*O cruceiro na súa posición actual, invade parcialmente a beirarrúa e como consecuencia delo está quedou pendente de remate.*

*O solicitante pretende desplazar o cruceiro lixeiramente, ata que deixe libre a beirarrúa, por tanto ata a aliñación prevista no planeamento vixente.*

*Dende o punto de vista urbanístico o traslado do cruceiro, recupera a funcionalidade da beirarrúa e corrixe un erro do PXOM, que non contempla solución o problema xenerado. Dende o punto de vista das obras, estarían permitidas polas ordenanzas, aínda que deberán executarse con proxecto técnico asinado por técnico competente e baixo a súa dirección.*

*Os traballos solicitados contan coa autorización do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza (**expediente 312/16 do 17 de novembro de 2.016**), debendo cumprir o que nela se establece (literal):*

***" Autorizar o traslado do cruceiro do Descravamento, conforme ao proxecto redactado por Lucía Espiño López, tendo en conta as seguintes condicións:***

*- Calquera decisión que durante execución dos traballos poida supoñer unha variación sobre o proxecto de restauración ou o seu alcance e obxectivos e que estea xustificada na mellor conservación dos valores culturais do ven, deberá ser consultada de forma previa cos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e, no seu caso, someterse a súa correspondente autorización, quedando debidamente documentada.*

*- Os traballos de restauración deberán ser realizados por persoas con formación e titulación específica en materia de conservación e restauración de bens culturais.*

*- Comunicarase aos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o inicio dos traballos de restauración co fin de coordinar as visitas técnicas que se levarán a cabo durante os mesmos.*

*- Conforme ao que estipula o artigo 43.2 da lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, tras finalizar a intervención elaborárase unha memoria final qu documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases e para todas as disciplinas aplicadas. Conterá, polo menos, unha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final."*

*Do establecido na autorización anterior, se desprende a obligación de que os traballos solicitados sexan controlados por técnico con titulación y formación habilitada para traballos de conservación e restauración do patrimonio, e no proxecto se indica que a autora do mesmo Dña. Lucía Espiño, será xunto con o arquitecto técnico D. Vicente Fraga e dous operarios auxiliares, os que executen a intervención de control. Por outra parte a empresa constructora deberá estar especializada e clasificada na categoría de restauración rehabilitación do patrimonio.*

*Aporta autorización da Deputación Provincial (**expediente 2015002498**), para as obras solicitadas, por atoparse dentro da zona de afección das estrada EP9305, debendo cumprir o que nela se establece*

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse como de protección do patrimonio e son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.*

*Polo tanto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.*

*Segundo o artigo 71 do vixente PXOM ó principia-las obras deberá colocarse en lugar visible un cartel cos seguintes datos: Promotor/a, Técnico redactor/a, Técnico director/a, Contratista, Nº de licenza e data da súa concesión. Neste caso ó tratarse de obra menor, figurarán no cartel os datos relativos ó promotor, obras a executar e número de licenza.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

*A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas*

*1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*

*2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

*4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.*

*A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras ou exercer a actividade, sen a obtención da nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. Raúl Rivas Fernández**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Rabuñade, nº 5, parroquia de Ribadumia, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Traslado de cruceiro”**, no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do técnico municipal.

**Expdt. 009/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.**, con domicilio a efectos de notificación en Travesía de Vigo, nº 204, no Concello de Vigo polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Canalización de 71 metros para a instalación de rede BT subterránea”**, na travesía da Condesa, na parroquia de Barrantes (expte. SDG 2483160800011), para dar acometida a unha vivenda unifamiliar sita na Rúa Loureiro, s/n, na parroquia de Barrantes.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: *“Unión FENOSA pretende atender una solicitud de 9,2 kW para uso residencial (vivienda unifamiliar) en la parcela con referencia catastral número 9055909NH1095N0001ZP.*

*Que se presenta proxecto para a execución dun tendido de novo conductor XZ1 0,6/1 KV 4x(1\*240)AL en unha lonxitude de 70 m dende a rede existente ata o límite da*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*propiedade e con cable XZ1 0,6/1 KV 2x(1\*50) AL nunha lonxitude de 1 m dende a rede proxectada ata a CPM do solicitante.*

*A canalización proxectada se executará con zanja de 0,4x1,0 m de profundidade e dou tubos de 160 mm de diámetro polo marxen da Travesía Condesa nunha lonxitude de 59 m, con zanja de 0,4x1,0 m de profundidade e dous tubos de 160 mm de diámetro hormigonados cruzando a Travesía Condesa nunha lonxitude de 11 m e con zanja de 0,2x1,0 m de profundidade e tubo de 160 mm de diámetro hormigonado cruzando a Travesía Condesa nunha lonxitude de 1 m a la altura da parcela propiedade do solicitante.*

*Aportan a seguinte documentación:*

- Proxecto está asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Angel Bernal López (colexiado 2901 do ICOIIG).*
- Aporta fianza por importe dos traballos de asfaltado, que segundo o proxecto aportado que ascenden a 3.432,54 €, para garantir a súa reposición.*
- Oficio co nomeamento do director de obra e do coordinador de seguridade si fose necesario.*

*O presuposto de execución das obras ascende a CINCO MIL NOVECIENTOS TRES EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (5.903,39 €).*

*Previo o inicio das obras deberá:*

*Que dende o punto de vista urbanístico **NON EXISTE NINGÚN INCONVENIENTE** para o solicitado.*

#### **Consideracións xerais:**

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

*A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas*

*1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*

*Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

*4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **Unión Fenosa Distribución S.A.**, con domicilio a efectos de notificación en Travesía de Vigo, nº 204, no Concello de Vigo, para levar a cabo as obras de **“Canalización de 71 metros para a instalación de rede BT subterránea”**, na travesía da Condese, na parroquia de Barrantes (expte. SDG 2483160800011), para dar acometida a unha vivenda unifamiliar sita na Rúa Loureiro, s/n, na parroquia de Barrantes.

**3º- LICENCIAS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.**- Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Cambio de titularidade e Licencias de funcionamento e apertura que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

**3º.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE “ESTABLECIMENTO DE FARMACIA”.**

Visto o expediente tramitado a instancia de **Dna. Manuela Ferreira Meira**, no que consta que tñase concedido licenza para a actividade de **“FARMACIA”** a nome de Socorro Maneiro García, na rúa Rosalía de Castro, nº 5 baixo, na parroquia de Ribadumia, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 01 de xullo de 2010, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **Manuela Ferreira Meira**.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

**“1. DOCUMENTACION ACHEGADA**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- *Solicitud de transmisión de licenza de apertura.*
- *Fotocopia D.N.I. da peticionaria.*
- *Fotocopia acordo de X. de G. de 01/07/2010 sobre concesión de Licenza de apertura a favor de Dna. Socorro Maneiro García.*
- *Fotocopia do contrato de arrendamento do local*
- *Declaración censal (modelo 036) -Alta da peticionaria no censo de empresarios e profesionais*
- *Alta da peticionaria no Régmen de Autónomos da S.S.*

## **2. CAMBIO DE TITULARIDADE**

*De acordo co artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o cambio de titularidade das actividades seguirá o réxime de comunicación previa mediante a comunicación por escrito ao concello da nova titular.*

*O expediente cumpre coas condicións que establece a Lei polo que **se informa favorablemente o cambio de titularidade do establecemento de farmacia a favor de Dna. Manuela Ferreira Meira***”.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á “Socorro Maneiro García” na Rúa Rosalía de Castro, nº 5 baixo, para actividade de “**FARMACIA**”, se conceda a nome de **MANUELA FERREIRA MEIRA**, previo pago das Taxas correspondentes e de acordo co informe do Arquitecto.

### **3º.2.- LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA “FURANCHO”.**

**Expdt. AC01/17.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. JOSEFA CORES GONZÁLEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Muiños Novos, nº 6A, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, pola que solicita autorización para levar a cabo a actividade de “**FURANCHO**” sito no lugar do seu domicilio con Ref. Catast. 8448910NH1084N0001US.

Vista a documentación obrante no expediente, e dado que se cumpre co estipulado no Regulamento da Actividade de Furanchos e Loureiros aprobado e publicado no BOPPO Nº 226 de data 25 de novembro de 2016,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- **Conceder licencia de actividade** á Dna. **Josefa Cores González**,



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

autorizando a actividade de "**Furancho**" a realizar no lugar do seu domicilio sito na Rúa Muiños Novos, nº 6A, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, de acordo co proxecto técnico presentado, cumprindo coa normativa estipulada e segundo a acta de comprobación emitida polo Arquitecto, o Sr. Dieguez Pazos, acordando aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, que deberán ser ingresada, previamente, nas arcas municipais, sin cuxo requisito a licenza non surtirá efecto algún.

### **3º.3- OUTRAS LICENCIAS.-**

**3º.3.1- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.-**Visto o expediente que se tramita a instancia da **ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RIAS BAIXAS**, con domicilio en Praza da Pedreira, nº 10, no Concello de Pontevedra, polo que solicita autorización para "**Instalación de dúas sinais indicativas de dirección para sinalizar a bodega**", en diversos puntos do Concello.

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: "*Que se pretende a instalación de sinais indicativas de dirección para sinalizar as adegas dos socios (neste caso a adega "Casal do Umia"), nos seguintes puntos:*

- *Rotonda de Cabanelas NA EP9501, duas sinais nas coordenadas:*
  - o *Sinal 1a 42º30´58.0" N 8º46´02.0" W*
  - o *Sinal 1b 42º30´57.7" N 8º46´01.6" W*
- *Rotonda de Cabanelas NA EP9501, duas sinais nas coordenadas:*
  - o *Sinal 2a 42º32´10.9" N 8º45´20.6" W*
  - o *Sinal 2b 42º32´10.7" N 8º45´21.1" W*

*Se aporta autoriación de fecha 19/09/16 emitida polo servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial (**expediente 2012003134**), para a disposición das sinais solicitadas, por atoparse dentro da zona de afección da estrada EP9501, debendo cumprir o que nela se establece.*

*A segunda das sinais non se atopa no concello de Ribadumia, polo que deberá solicitar a autorización o concello Vilanova de Arousa.*

*Respecto da primeira solicitude non existen inconvintes sempre e cando:*

- *Se instalen na ubicación que figura nas fotomontaxes aportadas*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- *Que non se reduzca o paso na beirarrua*
- *Que as alturas de instalación non supoñan un obstáculo para os peatons*
- *Que non reduzca a visibilidade dos vehículos.*

*No referente a sinalización deberá adaptar o contido dos modelos do Consello Regulador cos modelos normalizados do concello de Ribadumia, para o deberá acordar co responsable do servizo de vías e obras do concello, que indicará o modelo e os materiais autorizados.*

*Que as sinais como deben cumprir cas normas de sinalización a regulación do tráfico que determine a lexislación vixente.*

*Sempre que se cumpran estes requisitos, dende o punto de vista técnico NON EXISTE NINGÚN IMPEDIMENTO para acceder ao solicitado”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder autorización para **“Instalación de dúas sinais indicativas de dirección para sinalizar a bodega”** en diversos puntos do Concello, a favor da **ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RIAS BAIXAS**, para indicar a ubicación dos socios que teñen a adega neste concello e de acordo co informe do técnico municipal.

**3º.3.2- AUTORIZACIÓN PARA COLOCACIÓN DUN ESPELLO DE SEGURIDADE CONVEXO.**-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. Miguel Melio Maquieira**, en calidade de representante da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE GARAXES RABUÑADE**, e notificacións á Comunidade Salnés Barrantes, S.L., con domicilio a efectos de notificación na Avda. Rosalía de Castro, nº 22 baixo, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para **“Colocación dun espello de seguridade convexo”**, na farola situada fronte a saída do garaxe do edificio sito en Rúa Caleixón Loureiro, nº 22, na parroquia de Barrantes e con Ref. Catastral xenérica 9155903NH1095N.

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: *“Se solicita a colocación dun espello de seguridade convexo, na beirarrúa contraria a da saída dos garaxes do*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*edificio sito na Rúa Calexón do Loureiro, 10 – Barrantes. A finalidade e mellorar a visibilidade para a saída dos vehículos do garaxe.*

*Dede o punto de vista técnico a instalación do espello parece necesaria, xa que a entrada do garaxe se atopa na aliñación do edificio e directament ca beirarrúa, polo que existe pouca visibilidade para saír a calle, polo que por parte do concello non existe inconvinte para súa instalación, tendo en conta que:*

- *Os custos do espello e súa colocación deberán ser costeados pola propia comunidade de propietarios.*
- *A comunidade deberá encargarse do mantemento e conservación do espello.*
- *A instalación de berá garantir que a altura libre dende o sólo ata a parte inferior do espello deberá ser mínimo de 3,00 m.*

*Dende o punto de vista técnico **SE PODE AUTORIZAR** a colocación do ESPELLO DE SEGURIDADE CONVEXO solicitado, nas condicións establecidas neste informe”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder autorización para “**Colocación de un espello de seguridade convexo**” na farola situada fronte a saída do garaxe do edificio sito en Rúa Caleixón Loureiro, nº 22, na parroquia de Barrantes, a favor da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE GARAXES RABUÑADE** de acordo co informe do técnico municipal.

#### **4º.- DEVOLUCIÓN DE IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-**

Vista a solicitude por **DNA. CONCEPCIÓN BOULLOSA GASTAÑADUY**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Souto nº 5, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, na que expón que non se levou a cabo o Proxecto para as obras de “**Edificación para servizos de apoio de bodega**”, no lugar de Souto, nº 5, e polo cal, solicita se proceda a devolución da liquidación provisional de 1.900,44€ polo concepto de Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras (ICIO).

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: “*Que a comparecente*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*presentou solicitude para as obras de referencia, procedendo o abono correspondente as taxas do ICIO, que se correspondían con 2 % do PEM do proxecto que adxuntó , redactado polos arquitectos D. Enrique Barreiro Blanco e Carolina Mateos Escudero, de fecha abril de 2013 (en representación de ENRIQUE BARREIRO ARQUITECTOS S.C.P.), e que ascende a cantidade de MIL NOVECIENTOS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.900,44 €).*

*Que a solicitude requería autorización autonómica, segundo establecía a Lei 9/2.002 de Ordenación Urbanística de Galicia e Protección do Medio Rural (LOUGA), vixente no momento da solicitude e por tanto se iniciou o procedemento que indica a circular 2/2.003 deo 31 de xullo, publicada no DOGA do 5 de agosto de 2.003.*

*Que o expediente foi remitido dende o concello, para a súa tramitación polo Servicio de Urbanismo a Consellería sen que se recibise a preceptiva AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA.*

*Pola exposto na solicitude, se entende que DESISTEN DE EXECUTAR AS OBRAS SOLICITADAS, xa que non se completou a tramitación da citada autorización, non se concedeu licenza, e posteriormente o 27/06/2.016 e coa derogación da LE 9/2.002 (LOUGA) e a nova lei 2/2.010 do solo de Galicia, se presenta unha nova solicitude, cun novo proxecto de "REFORMA INTERIOR Y ADICIÓN DE MUELLE DE CARGA" a nome da empresa **CONCEPCIÓN BOULLOSA GASTAÑADUY, SLNE**, con CIF B-36.487.437; coa finalidade de levar a cabo as obras de "**REFORMA INTERIOR Y ADICIÓN DE MUELLE DE DESCARGA**", na bodega sita no Lugar de Souto, 5 – Sisan, nas parcelas catastrais 532 Y 530 do polígono 4 , no lugar do Pazo da Pedreira – Sisán (Ribadumia), e con referencia catastral número 36046A004005300000YH y 36046A004005300001UJ. Se abonan novamente as taxas correspondentes o ICIO e se concede a licenza 123/16 pola Xunta de Goberno do 30 de outubro de 2.016.*

*Que dende os servizos de urbanismo do concello, se emite **INFORME FAVORABLE** para a devolución ou abono das taxas que procedan".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Que se proceda á devolución a **DNA. CONCEPCIÓN BOULLOSA GASTAÑADUY**, do importe de 1.900,44€ en concepto de ICIO.

**5º.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA "AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA SOCIAL.-**





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Dase conta de que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de maio de 2016, , solicitouse á Deputación Provincial de Pontevedra axuda por importe de 9.500, 00 euros para gastos de emerxencia social, ó abeiro da convocatoria realizada por dito Organismo publicada no B.O.P. Nº 71 de 14 de abril de 2016.

Vista a memoria de actividade que presenta a responsable do Departamento de Servizos Sociais e a conta xustificativa da realización das actividades de Axudas Básicas de Emerxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a dita Conta Xustificativas de: "Axudas Básicas de Emerxencia", declarando que se realizaron as actividades para o que foi concedida a axuda, por importes de: 2.696,16 € para gastos correntes e 1.597,53 €, para gastos de investimentos, e se realizaron os seguintes gastos:

<i>CONTA XUSTIFICATIVA GASTOS CORRENTES:</i>				
<i>PROVEEDOR/ BENFIICIARIO</i>	<i>CIF</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>DATA ORGANO APROBACIÓN</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>JUAN CARLOS DURÁN DURÁN</i>	<i>76.862.830-G</i>	<i>Débedas aluguer</i>		<i>1.400,00 €</i>
<i>VASILKA IVANOVA ALEKSIEVA</i>	<i>X8764888W</i>	<i>Débedas aluguer e luz</i>		<i>1.296,16 €</i>
<i>TOTAL</i>				<i>2.696,16 €</i>

<i>CONTA XUSTIFICATIVA GASTOS INVESTIMENTOS:</i>				
<i>ABINSER GALICIA S.L.</i>	<i>B94001478</i>	<i>Aillamento vivenda</i>		<i>1.597,53 €</i>

SEGUNDO.- Que os gastos que integran ditas contas son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada.

TERCEIRO.- Declarar que a este Concello non lle foi concedido ningunha outra axuda para o mesmo fin.

**6º.- PRESUPUESTO PARA A ADECUACIÓN DE FICHEIROS DO CONCELLO DE RIBADUMIA Á LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.-**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Vista a necesidade de realizar a contratación do servizo de Adecuación de Ficheiros do Concello á Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, expresando a súa xustificación no obrigatorio cumprimento da normativa aplicable.

Visto que solicitáronse ofertas para a realización de ditos traballos e que constan no expediente presupostos presentados por tres empresas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda aprobar o presuposto presentado pola mercantil RB SOLUCIONES, por un importe de 1.930,00 euros e 405,30 euros IVE, para a realización de tales traballos e para o o mantemento dos ficheiros durante o primeiro ano, por un importe de 750,00 euros máis IVE.

### **7º.- RECLAMACIÓN DE INDEMNIZACIÓN.-**

Dáse conta do escrito presentado por MARIA PAZ SARTIER VARELA, no cal se solicita reclamación de indemnización por un valor de 198,19€ polos danos causados no seu vehículo Mercedes Benz – Sprinter furgón, con matrícula 7771-HBS, cando aparcaba na rúa Valle Inclán de Barrantes e recibiu un golpe e ralladuras no vehículo a causa dunha sinal que sobresa da beirarrúa e que indica un paso de peóns próximo, causándolle danos materiais polo valor especificado anteriormente.

A vista de todo a alegado polo solicitante, a Xunta de Goberno Local, acorda: 1º.- Indemnizar a MARIA PAZ SARTIER VARELA, polos danos producidos no seu vehículo Mercedes Benz, modelo Sprinter furgón con matrícula 7771-HBS, e que ascenderon a unha cuantía de 198,19€.

### **8º.- OUTROS ASUNTOS.**

#### **8º.1.- CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DE 2017.-**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Dase conta das bases elaboradas para o Concurso de Disfraces de Entroido 2017 convocado polo Concello de Ribadumia, no que poderán participar nenos ata os 16 anos, e que ten o seguinte resumo:

Establécense tres categorías de premios:

- Individual
- Parellas
- Grupos

Dentro de cada unha das categorías, concederáanse tres premios para a de individual e parellas e dous premios para a categoría de grupos

- Na categoría de "**Individual**", outorgaráanse os seguintes:

- 1 premio para nenos de ata 5 anos: 30 €
- 1 premio para nenos de 6 a 9 anos: 30 €
- 1 premio para nenos de 10 a 16 anos: 30 €

- Na categoría de "**Parellas**", outorgaráanse os seguintes:

- 1 premio para parellas formadas por nenos de ata 5 anos: 60 €
- 1 premio para parellas formadas por nenos de 6 a 9 anos: 60 €
- 1 premio de parellas formadas por nenos de 10 a 16 anos: 60 €

- Na categoría de "**Grupos**", outorgaráanse os seguintes:

- 1 premio para grupos formados de 3 a 5 nenos: 120 €
- 1 premio para grupos formados por máis de 5 nenos: 200 €

A avaliación dos disfraces, polo xurado que se constitúa ó efecto, e entrega de premios levarase a cabo durante a "Festa Infantil-Xuvenil de Entroido" que terá lugar o luns 27 de febreiro de 2017, que se celebrará no Pavillón de Barrantes e valorarásese, principalmente, a estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces, e a elaboración propia, traballo artesanal e emprego de materiais de refugallo, puidendose valorar tamén outros aspectos tales como detalles de maquillaxe, simpatía, posta en escea, etc

Así mesmo durante Festa procederásese a realizar o sorteo dunha **bicicleta** e o **sorteo de distintos vales de compra para utilizar no comercio local de Ribadumia** por importe de 20 € cada un (os cales terán unha caducidade máxima de tres meses).



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación á organización do devandito concurso e ó gasto correspondente.

### **8º.2.- ENTERRO DA GALIÑA 2017.-**

Dase conta da organización dun desfile de disfraces, en colaboración coa Asociación de Veciños de Barrantes, con motivo do **Enterro da Galiña 2017**, a celebrar o día 04 de marzo de 2017, coa entrega dos seguintes premios:

Establécense tres categorías de premios, cun premio en cada unha delas:

- Individual: vale de compra no comercio de Ribadumia, por valor de 100 €
- Parellas: vale de compra no comercio de Ribadumia, por valor de 200 €
- Grupos: vale de compra no comercio de Ribadumia, por valor de 300 €

O "cortexo" do Enterro da Galiña sairá dende o Centro Social de Barrantes ás 19:00 horas do día 04 de marzo de 2017

Antes da saída e durante o percorrido se realizará a avaliación dos disfraces, polo xurado que se constitúa ó efecto, no que se terá en conta principalmente, a estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces, e a elaboración propia, traballo artesanal e emprego de materiais de refugallo, puidendose valorar tamén outros aspectos tales como detalles de maquillaxe, simpatía, posta en escea, etc, e a entrega de premios levarase a cabo, ó remate do percorrido, despois da lectura do "Pregón" que se celebrará no Centro Social de Barrantes

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación á organización do devandito concurso e ó gasto correspondente.

### **8º.3.- I CONCURSO ARTISTICO INFANTIL .-**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Dase conta das bases elaboradas para o Concurso de I Concurso Artístico Infantil convocado polo Concello de Ribadumia, no que poderán participar nenos menores de 16 anos, e que ten o seguinte resumo:

O xurado estará composto por representantes do Concello, por algún membro da Asociación de fotografía Ollares de Portonovo e por un representante de Quinteiro da Cruz, como experto na temática da camelia. O xurado reunirse, e decididos os gañadores, se lles comunicará persoalmente e a través de distintos medios

Establécense dous premios:

- 1º premio: Vale por valor de 50 euros
- 2º premio: Vale por valor de 40 euros

Se non hai un mínimo de seis participantes darase o premio por deserto, avisarase os que teñan enviados traballos e non serán empregados polos organizadores en ningunha circunstancia, a non ser con permiso expreso do autor.

Os traballos estarán vinculados a temática da camelia podendo ser un conto, poesía, debuxo ou calquera outro traballo artístico, reservándose a organización o dereito de aceptar as obras segundo o axuste a temática e a uns criterios de calidade mínimos.

O número máximo de traballos por concursante é de un e poderase facer a presentación no Concello ou na Biblioteca Municipal ata o 10 de marzo de 2017 en horario de luns a venres 8 horas a 15 horas e sábados de 9 horas a 13 horas se se fai no Concello e en horario de semanal de 15 horas a 22 horas (excepto martes), se se fai na Biblioteca Municipal. Debe presentarse en sobre pechado indicando no exterior "I Concurso Artístico Infantil Concello de Ribadumia" e no reverso: nome e apelidos do autor, idade, teléfono, título do traballo e datos do pai, nai ou titor.

Os traballos terán un periodo de exposición pública no Auditorio Municipal, na web do Concello e nas redes sociais oficiais. Así mesmo, o Concello resérvase o dereito para reproducir en soportes informáticos e promocionais propios, e exponer de maneira libre calquera dos traballos finalistas así como calquera que teña obtido algún dos premios. Sen embargo, en ningún caso se cederán a terceiros, salvo autorización expresa do autor. Os participantes responsabilizaránse de que non existan dereitos a terceiros sobre as obras.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación á organización do devandito concurso e ó gasto correspondente.

#### **8º.4.- I CONCURSO FOTOGRÁFICO.-**

Dase conta das bases elaboradas para o Concurso de I Concurso Fotográfico convocado polo Concello de Ribadumia, no que poderán participar maiores de 16 anos, salvo membros do xurado, e que ten o seguinte resumo:

O xurado estará composto por representantes do Concello, por algún membro da Asociación de fotografía Ollares de Portonovo e por un representante de Quinteiro da Cruz, como experto na temática da camelia. O xurado reunirse, e decididos os gañadores, se lles comunicará persoalmente e a través de distintos medios

Establécense dous premios:

- 1º premio: Vale por valor de 50 euros
- 2º premio: Curso de fotografía (valorado en 40 euros).

Se non hai un mínimo de seis participantes darase o premio por deserto, avisarase os que teñan enviados fotos e non serán empregadas polos organizadores en ningunha circunstancia, a non ser con permiso expreso do autor.

As imaxes estarán vinculadas a temática da camelia valorándose a parte técnica das imaxes, pero tamén a parte artística e sobre todo a representación deste ben e recurso turístico, reservándose a organización o dereito de aceptar as obras segundo o axuste a temática e a uns criterios de calidade mínimos.

O número máximo de fotografías por concursante é de unha e o envío deberá facerse o mail [cultura@ribadumia.org](mailto:cultura@ribadumia.org), ata as 24:00 horas do 10 de marzo de 2017 indicando: nome e apelidos do autor, idade, teléfono, título da foto e nos casos de menores de idade, datos do pai, nai ou titor. Deben presentarse en formato .jpg, con unha resolución de 200ppp. As fotos poderán realizarse con calquera dispositivo sempre que cumpran os criterios de resolución.- As fotografías terán un periodo de exposición pública no Auditorio Municipal, na web do Concello e nas redes sociais oficiais. Así mesmo, o Concello resérvase o dereito para reproducir en soportes informáticos e promocionais propios, e exponer de maneira libre calquera das imaxes finalistas así como calquera que



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

teña obtido algún dos premios. Sen embargo, en ningún caso se cederán a terceiros, salvo autorización expresa do autor. Os participantes responsabilizaráanse de que non existan dereitos a terceiros sobre as obras.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación á organización do devandito concurso e ó gasto correspondente.

## **9º.- INFORMES DA TRABALLADORA SOCIAL**

### **9º.1.- INFORME DO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS SOBRE EMERXENCIA SOCIAL (EXPTE. 5/2016).-**

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servicios Sociais Comunitarios de data 11 de xaneiro de 2017, no que informa que *“unha vez estudiaa a situación socio familiar de Ivanova Bozhane Nedelcheva (nº de expediente 5/2016), con NIE Y0357814V, considerase procedente a aprobación dunha axuda económica de emerxencia social destinada a gastos farmacéuticos do seguinte beneficiario Borislav Yuliyarov Dimov por un periodo inicial de seis meses, salvo que se de un cambio de situación. Os datos que avalan na situación de precariedade económica constan no expediente aberto no departamento de servizos sociais”*.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda: Aprobar a axuda de emerxencia social proposta pola Traballadora Social, por un periodo inicial de seis meses para facer fronte ós gastos farmacéuticos.

### **9º.2.- INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL SOBRE USUARIOS DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCURRENCIA.-**

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servicios Sociais Comunitarios con data de 26 de xaneiro de 2017, nos que informa que *“Presentada solicitude para o Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia, con data 24/01/2017 e logo de realizar un estudio e valoración da situación do usuario, propónse dar de alta no servizo á D. Jesús Mosteiro Mouta, con data 01 de febreiro de 2017 dada a situación de extrema necesidade na que se encontra”*.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Dar a alta no Servizo de Axuda no Fogar de libre concurrencia a D. Jesús Mosteiro Mouta, segundo a proposta formulada pola Traballadora Social.

### **10º.- ESCRITO PRESENTADO POLA DIRECTORA DO CRA DE RIBADUMIA.-**

Dase conta do escrito presentado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Gil Arca, na súa función de Directora do CRA de Ribadumia, na que solicita colaboración deste Concello para a realización de visitas programadas por dito Centro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acoda facerse cargo do custo económico dos autobuses para a realización das saídas que se indican no escrito.

### **11º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE MEAÑO, O CONCELLO DE MEIS E O CONCELLO DE RIBADUMIA (CENTROS BTT).-**

Dase con da Convenio subscrito entre a Axencia de Turismo de Galicia, os Concellos de Meaño, Meis e Ribadumia para o desenvolvemento e explotación do produto turístico denominado "Centro BTT O Salnés", produto integrado na rede de Centros BTT de Galicia de ámbito autonómico e promovido pola Axencia de Turismo de Galicia, que se atopa actualmente en fase de desenvolvemento.

Dase conta do contido do convenio, así como da financiación do mesmo, indicando que os tres Concellos aportarán 10.000 euros anuais, coa seguinte distribución:

- Concello de Meis: 7.000, 00 euros
- Concello de Meaño: 1.500, 00 euros
- Concello de Ribadumia: 1.500, 00 euros
- 

A aportación realizaráse ó Concello de Meis, de acordo coa clausula sexta do Convenio, sendo a vixencia do mesmo de 10 anos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

PRIMEIRO.- Dase por enterada do contido do Convenio suscrito, ratificando o seu contido, en tódolos seus extremos.

SEGUNDO: Autorizar o pago que da aportación que lle corresponde realizar a este Concello, por importe de 1.500,00 euros correspondente á presente anualidade.

**12º.- CONVENIO COA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA PARA A DISTRIBUCIÓN DE PRODUTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE ENTRE AS PERSOAS NECESITADAS.**

Dase conta de que pola Fundación Amigos de Galicia vense prestando axuda a familias necesitadas deste Concello e que polo Departamento de Servicios Sociais propónse a renovación do convenio, ó ter finalizada a vixencia do suscrito no ano anterior, e có fin de darlle continuidade á axuda que ven prestando e que consiste na distribución de alimentos e produtos de primeira necesidade entre as persoas necesitadas, indicando que mediante o convenio a asinar se compromenten á distribución de produtos a dezaseis familias ao mes (previo informe da Asistente Social municipal), ata o 31 de decembro de 2017, sendo a aportación municipal a tal fin de 2.500 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: 1º.- Darse por enterada da Renovación do convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia; e 2º.- Aprobar o gasto correspondente, por importe de 2.500 euros/anuais.

**13º.-CERTIFICACIÓN DA OBRA DE "DOTACIÓN DE SERVIZOS EN EDIFICIO ANEXO O PAVILLÓN DE RIBADUMIA"**

Vista a certificación de obra nº 1 da denominada "Dotación de servizos en edificio anexo o pavillón de Ribadumia" e factura correspondente que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de vinte mil cincocentos noventa e sete euros con trinta e un céntimos (20.597,31 €)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 1 da obra denominada "Dotación de servicios en edificio anexo o pavillón de Ribadumia", que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., segundo a Resolución de adxudicación por procedemento negociado dictada con data 30 de novembro de 2016, en base ó acordo adoptado polo Pleno con data 23/11/16.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nª e data	Empresa	Concepto	Importe
2161391 de 29/12/16	<i>COVSA Construcción, Obras e Viais, S.A.</i>	<i>Dotación de servicios en edificio anexo o pavillón de Ribadumia</i>	<i>20.597,31 €</i>

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada da anterior Resolución, acordado, por unanimidade dos Sres. asistentes ratificar o seu contido.

### **15º.- LIQUIDACION DE GASTOS DO TERCEIRO CUATRIMESTRE DE 2016.-**

Dase conta da liquidación de gastos remitida pola Mancomunidade do Salnés, correspondente ó terceiro cuatrimestre de 2016, aprobada mediante Decreto da Alcaldía con data 30 de decembro.

A Xunta de Goberno, por unanimidade do Sres. asistentes acorda ratificar a súa aprobación á devandita liquidación e na que consta os seguintes gastos:

- Gastos xerais:	3.224,24
- Servizo bacheo	2.047,16
- Servizo minipalás-limpadoras	4.399,78
- Servizo motoniveladora	1.090,39
- Servizo camión grúa	81,18
- Convenio promoción turística 2016	5.096,42
- Certif. Fondo Compensación Ambiental (maquinaria)	3.776,33
- Asistencia a sesión	680,00
- Adquis. Terreos hospital Salnés	1.386,48
- Plan sostenibilidade medioambiental	749,60
- Servizo retroexcavadora	1.694,91
- CIM	7.014,93



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

### **16º.- PAGOS E FACTURAS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>Jesús M. Arca (Active service).- Bodyjump xaneiro</i>	665,00
<i>Diario Arousa.- Especial nadal Concello Ribadumia</i>	847,00
<i>Iluminaciones artísticas Salnés.- Iluminación nadal 2016</i>	9.559,00
<i>Migallas teatro.- Actuación "merenda con pan de millo" auditorio</i>	640,00
<i>Industrias San José.- Lagareta tinto 2016</i>	738,10
	10.941,2
<i>Achega.- SAF dependencia decembro 2016</i>	6
<i>Achega.- SAF dlibre concorrencia decembro 2016</i>	1.500,40
<i>Seguridad y extintores ABC.- Servicio en locais municipais</i>	2.429,68
<i>Meldosa.- Mantemento alumeadado público decembro 2016</i>	2.796,98
<i>Elefonca.- Cambio termos duchas piscina municipal</i>	708,49
<i>Afyt.- Servicios asesoramento laboral</i>	1.055,12
<i>R.- Facturación telefonía decembro 2016</i>	1.043,84
<i>Alfredo García (Galimaxina).- Mantemento anual web Concello Ribadumia</i>	1.386,66
<i>Alfredo García (Galimaxina).- Mantemento anual plataforma veciños</i>	2.541,00
<i>Jesús M. Diéguez Pazos.- Asesoramento urbanismo e obras</i>	2.650,00
<i>Virocem.- Control ruidos abril a decembro 2016</i>	3.430,35
<i>Maderas J. Redondo.- postes paseo do Muiños</i>	1.252,35
<i>Baygar.- Alquiler vallas e andamios</i>	1.090,45
<i>ThyssenKrupp Elevadores.- reparacion ascensor tatantorio</i>	626,65
	10.236,3
<i>Sogama.- Tratamento RU decembro 2016</i>	5
<i>Agronuma.- Reparación tractor new holland e desbrozadora</i>	750,60
<i>Termocalor.- Mantemento instalacións térmicas CPI</i>	695,75
<i>José Manuel Esperón.- Reparación bancos igrexa Barrantes e Sisán</i>	847,00
<i>José M. Glez (Siradella).- Guía turismo rías baixas 2017</i>	1.089,00
<i>Automoción La Junquera.- Reparación C9819BY</i>	613,57
<i>Soil Recovery.- Tratamiento residuos</i>	807,47
<i>Espina y Delfín.- Conservación e mantemento ETAR EDAR Lois</i>	1.778,36
<i>Mancomunidade do Salnés.- Consumo auga novembro 2016</i>	8.336,16
<i>Mancomunidade do Salnés.- Consumo auga decembro 2016</i>	7.695,35
<i>ANPA.- comedor decembro 2016</i>	1.226,68

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as quince horas e cinco minutos, de todo o cual eu, como Secretaria, dou fe.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)